

A Semana das Ciencias de Ponteareas afondará na Ciencia e a Comunicación do 17 ao 21 de abril

Recoñecidos locutores/as de radio, premiadas iniciativas de difusión e expertos en comunicación compartirán coa cidadanía de Ponteareas os seus coñecementos

Espertar a curiosidade, decatarse da importancia de investir en innovación e investigación para mellorar o noso día a día e descubrir que a ciencia está detrás de cada unha desas melloras son algúns dos obxectivos da Semana das Ciencias de Ponteareas que este ano volve ás rúas e aos centros educativos do 17 ao 21 de abril.

A alcaldesa Cristina Fernández presentou xunto á Federación de ANPAs (FANPO), a sétima Semana das Ciencias, unha iniciativa que, ano tras ano, achega a ciencia a toda cidadanía con actividades para todos os públicos e que procura, máis ca nunca, a implicación de toda a comunidade educativa con actividades e temas actuais de interese tanto para adultos como para mocidade e infancia.

A VII Semana das Ciencias afondará na relación entre a Ciencia e a Comunicación, ao cumprirse neste ano 2023 noventa anos da chegada da radio a Galicia. "En Ponteareas conectaremos ao noso alumnado e a nosa cidadanía con expertas e expertos en comunicación, con recoñecidos e recoñecidas profesionais que viviron a revolución tecnolóxica dos medios, coas novas xeracións que utilizando novas canles de comunicación conciencian, sensibilizan, potencian proxectos, lanzan empresas e poñen o selo das galegas e dos galegos nas plataformas dixitais", explica a alcaldesa Cristina Fernández Davila.

Aprender da man de xornalistas, comunicadoras/es, locutoras/es, community manager, editores/as ou deseñadoras e deseñadores gráficos é tamén un dos obxectivos desta nova edición da Semana das Ciencias de Ponteareas.

"Inmersos na era da comunicación é todo un acerto adicar a VII Semana das Ciencias de Ponteareas a achegar coñecemento e novas iniciativas sobre as novas canles de comunicación que van xurdindo e fomentar a curiosidade das novas xeracións para experimentar, innovar e aproveitar todo o potencial que se abre a eles a través das TIC", engade o presidente da FANPO, Alberto Vázquez.

A programación arrinca coa presentación do proxecto YouTubeiras.gal na que participará o alumnado para seguir co seminario para profesorado e dar a benvinda xa ás 19:30 horas ao ciclo de conferencias. A profesora da Universidade de Vigo, Mónica Valderrama, o creador e profesor da Escola de Restauración, Mingos Teixeira; o xornalista de máis longa traxectoria nos medios, Fernando Franco; a comunicadora e escritora María Xosé Porteiro; locutores deportivos e condutores de programas radiofónicos de máxima audiencia e as responsables de webseries da produtora Illa

Bufarda e creadores e creadoras de contidos para podcasts e canles de YouTube forman parte da programación. Ademais, a cidadanía poderá visitar a exposición da Historia da Radio na entrada do auditorio municipal e escoitar antigas emisións como o discurso sobre o Estatuto de Autonomía de Castelao ou extractos do Consultorio de de Elena Francis así como a voz do célebre Reveriano Soutullo.

Das distintas actividades poderán beneficiarse non só a mocidade que compartirá coñecementos e coñecerá novas ferramentas das canles de comunicación, tamén comerciantes e empresas locais que aprenderán da man dos/das profesionais dos medios para optimizar a súa visibilidade nas redes sociais e implementar as súas páxinas webs. As familias tamén coñecerán a fondo a rede e o espazo cibernético e atoparán recursos útiles para a educación das súas fillas e fillos. O alumnado dos centros educativos collerá soltura na edición de son e asomaranse aos directos de radio da man de Ponte Nas Ondas. Tamén aprenderá no obradoiro de radio, nas visitas ás empresas locais de deseño gráfico e imprenta ou no Museo do Reloxo de Ponteareas, ademais de coñecer as profesións relacionadas coa comunicación no ciclo de conferencias das tardes, aberta ao público en xeral.

A Feira das Ciencias volverá pechar na tarde do venres o programa cunha ampla oferta de inxeniosas e creativas propostas que nos amosarán os coñecementos científicos da nosa mocidade e infancia.

“A Semana das Ciencias ofrece cada ano un espazo no que visibilizar todo o traballo que realizan os centros educativos de Ponteareas sendo eles e elas os e as protagonistas. Ademais facilita que o alumnado viva experiencias de aplicación da ciencia á realidade que dentro das aulas non se poden desenvolver. É un apoio didáctico, tamén, para as e os docentes”, sinala Cristina Fdez. Davila.

A Semana das Ciencias pon o foco, nesta edición, na comunicación ofertando mesas redondas, conferencias, visitas a empresas locais, obradoiros, seminarios e xogos como as 7 Torres de Xabier Prado cun enfoque social para que todas as persoas, independentemente da súa idade ou coñecementos, poidan conversar coas e cos expertos e compartir inquedanzas, preocupacións e resolver posibles dúbidas.